



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Física

Curso Académico:2017 /2018

Índice

1. Introducción	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade	4
3. Plan de Melloras do Centro	134
4. Anexo: Informes de seguimento	¡Error! Marcador no definido.31

1. Introducción

A Facultade de Física da Universidade de Santiago de Compostela ten como obxectivo primordial elaborar programas formativos de grao e postgrao que garantan unha óptima adecuación do seu alumnado aos distintos ámbitos de aplicación, entre os que se inclúen o mercado laboral, tecnolóxico e investigador. Ademais, a Facultade de Física comprométese, a través da súa política de calidade, a satisfacer as necesidades e expectativas dos seus grupos de interese: alumnado, personal docente e investigador e personal de administración e servizos, utilizando para o seu efecto todos os recursos técnicos, económicos e humanos a súa disposición.

As accións levadas a cabo polo equipo decanal da Facultade de Física, dentro da súa política de calidade, responden á necesidade de progresar cara a excelencia, marcada polos modelos de calidade universitaria, e están baseadas na política de calidade da USC recollida no “Manual de Gestión Interna de Calidade” (MSGIC) e no manual de procesos e procedementos da USC.

Na Facultade de Física impártense dúas titulacións:

- Grao en Física
- Máster Universitario en Física


Asimismo, oferta dous dobres Graos:

- Dobre Grao en Física e Química
- Dobre Grao en Matemáticas e Física (adscrito á Facultade de Matemáticas)

O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Física vela pola correcta planificación e desenvolvemento de todos os aspectos relevantes para os títulos que se imparten no centro. Temos dous tipos de comisións, a Comisión de Calidade do Centro (CCC) e as Comisións Académicas de Título (CT). A Facultade de Física conta co equipo decanal e cunha estrutura de comisións e cargos co fin de garantir o desenvolvemento efectivo do SGIC. As comisións con competencias de calidade son as seguintes: comisións delegadas da Xunta de Facultade con competencias en docencia, asuntos económicos ou infraestruturas, as Comisións Académicas dos Títulos e a Comisión de Calidade do centro. Os cargos: o/a responsable de calidade do centro do centro e os/as coordinador de título.

A composición da Comisión de Calidade do Centro (CCC) é a seguinte:

- Decano/a ou Director/a do Centro (presidente/a).
- Responsable de Calidade do Centro (RCC).
- Coordinador/a de cada unha das Titulación/s que se imparten no centro.
- 1 membro do PAS (Responsable da Unidade de apoio a centros e departamentos).
- Alumno/a (preferiblemente alumno/a-titor/a).
- Representantes de cada un dos departamentos adscritos á Facultade.

 FACULDADE DE FÍSICA	MEMORIA DE CALIDADE 2017/2018	
		Páxina 3 de 31

Ao longo do ano 2017/2018 celebráronse catro reunións desta comisión.

13 de xuño de 2017:

1. Alegacións ao informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación do Grao en Física.

13 de xullo de 2017:

1. Alegacións ao informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación do Máster en Física.

20 de abril de 2018

1. Aprobación, se procede, do Informe de Seguimento de Grao en Física
2. Aprobación, se procede, do Informe de Seguimento do Máster en Física
3. Aprobación, se procede, do Informe de Seguimento do Máster en Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética

8 de maio de 2018:

1. Modificacións da memoria do Grao en Física.

Os procesos de planificación e desenvolvemento dos títulos asociados á Facultade de Física son competencias das Comisións Académicas dos Títulos mentres que a aprobación do PDA, horarios, oferta de prácticas externas e a oferta de mobilidade faise a través da Comisión de Calidade do Centro.


Unha das competencias específicas da Comisión de Calidade é elaborar a Memoria de Calidade na que se recolle os informes de resultados da Facultade, os informes de seguimento do SGIC e dos títulos asociados coas súas correspondentes accións de mellora.

A elaboración da dita Memoria de Calidade susténtase na seguinte documentación de referencia:

- Normativa autonómica e estatal.
- Normativa xeral da USC.
- Memoria do Grao en Física.
- Memoria do Máster en Física.
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Física. (Elaborouse un novo Regulamento de Réxime Interno aprobado pola Xunta de Facultade do 26/04/2019)
- Regulamentos de Réxime Interno dos departamentos adscritos.
- Outros regulamentos:

-Regulamento de prácticas académicas externas

[http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/fisica/descargas/Regulamento de prxcticas acadxmicas externas.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/fisica/descargas/Regulamento_de_prxcticas_acadxmicas_externas.pdf)

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	FACULDADE DE FÍSICA	MEMORIA DE CALIDADE 2017/2018	Páxina 4 de 31
---	---------------------	----------------------------------	----------------

-Regulamento de Honras e Distincións

<http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/fisica/descargas/Regulamento-de-Honras-e-Distincions.pdf>

-Traballo Fin de Grao e do Traballo Fin de Máster en Física

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/fisica/descargas/TFGM17-18/TFGM2017_A.pdf

-Regulamento asignación locais

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/fisica/descargas/Regulamento_asignacixn_locais_12-02-2012.pdf

2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

2.1 Vixencia da política de calidade

Dentro dos procesos asociados descritos no Manual do SGIC, o equipo decanal identificou unha serie de obxectivos clave que simplifican o anterior documento co fin de simplificalo e adaptalo as particularidades das titulacións adscritas á nosa Facultade.

- Implantar eficientemente o SGIC.
- Fomentar a participación dos grupos de interés, procurando que a Política de Calidade sexa entendida e aceptada por todo o persoal da Facultade.
- Difundir a Política de Calidade ao público en xeral.
- Garantir unha oferta estable de grao e máster.
- Garantir o bo funcionamento dos dobres graos.
- Manter e mellorar as canles de información horizontal e vertical a través dos mecanismos de coordinación docente, xa moi consolidados, en cada unha das titulacións.
- Impulsar a mellora continua das titulacións impartidas na Facultade, garantindo un nivel de calidade que asegure a súa acreditación, mediante a revisión sistemática dos indicadores establecidos no SGIC.
- Xestionar racional e eficientemente os recursos dispoñibles.
- Establecer unha recollida sistemática de información que logo da súa avaliación e revisión permita unha toma de decisións fundamentada e eficaz destinada á introdución de accións de mellora nos distintos procesos que ten en conta o SGIC. (Estamos elaborando a adaptación do documento marco do SGC as particularidades da nosa Facultade)

2.2 Evolución e Grao de Cumplimento do Plan Estratéxico da Facultade de Física

O Plano Estratéxico elaborouse durante o segundo semestre do curso 2015/16. Aprobouse en Xunta de Facultade o 29/7/2016. Tras esta aprobación remitiuse á Area de Calidade para

unha segunda revisión previa a aprobación por Consello de Goberno. Fíxose unha revisión da análise DAFO.

EVOLUCIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO				
LIÑA ESTRATÉXICA 1: DOCENCIA				
OBXECTIVO	ACCIÓN	DATA	INDICADORES	GRAO DE CUMPLIMENTO
Incrementar a relación co ensino medio	<ul style="list-style-type: none"> - Aumentar a demanda dos estudos de Física - Incentivar a Física en etapas previas, a través do contacto co ensino medio - Promover xornadas de orientación universitaria - Participar en programas de captación de talento (Olimpiada de Física) 	Curso 17/18	INo6C-PC-05 Nº de charlas en IES: 27 Memoria do programa A Ponte 2017/18 Nº de charlas en Temáticas en IES: 23 Nº de MasterClass: 1 Nº de Campus Científico: 1 Talleres en Ed Primaria: 6 Nº de Xornadas de Portas Abertas: 1 Nº de Encontros do ensino medio: 1	Totalmente acadado
Impulsar os dobres grao	Atraendo a alumnado motivado	Curso 17/18	INo6C-PC-05	Totalmente acadado
Optimizar os horarios	Adaptándose as necesidades de compatibilidade das dobres titulacións e os masteres	Curso 17/18	IN46G-S01-PM-01+INF.13 IN47G-S01-PM-01+INF.14	Parcialmente acadado
Fomentar a Mobilidade	<ul style="list-style-type: none"> - Mantendo, optimizando e creando novos convenios - Incrementando a mobilidade entrante - Promovendo a mobilidade do profesorado 	Curso 17/18	Nº de Alumnos/as participantes nos programas de mobilidade saínte ERASMUS : 11 Nº de Alumnos/as participantes nos programas de mobilidade saínte SICUÉ : 6 Nº de novos convenios: 2 IN17G-PC-08 IN18G-PC-08 IN16C-PC-08 IN15G-PC-08+INF.04	Parcialmente acadado
Reforzar as competencias en inglés do alumnado	<ul style="list-style-type: none"> - Aumentar o número de TFG en inglés - Número de guías docentes en galego, castelán e inglés 	Curso 17/18	TFG:7 Número de guías docentes en inglés: 84	Parcialmente acadado
Fortalecer a oferta	- Promovendo os convenios	Curso	Nº de Alumnos/as participantes	Parcialmente

de prácticas externas	<p>con empresas</p> <ul style="list-style-type: none"> - Programando xornadas física-empresa - Organizando obradoiros de inserción laboral 	17/18	<p>nas prácticas externas: 20</p> <p>Nº de novos convenios: 2</p> <p>Nº de xornadas de achegamento ao mundo empresarial: 2</p>	acadado
Favorecer as actividades de innovación e culturais	<ul style="list-style-type: none"> - Ofertando actividades en competencias transversais - Impulsando o plan titorial e o programa de alumnos titores - Promovendo actividades extraacadémicas, deportivas e culturais 	17/18	<p>Ofertaronse cursos de editores de texto latex (22/02/2018), software libre, biblioteca (19/09/2018).</p> <p>Plan titorial: Titorías de traballo fin de grao e fin de master (20-21/11/2018). Xornadas de orientación laboral 9-18/04/2018. Alumnos titores: cubertas as 4 prazas de alumnos titores. Impartición da formación específica da facultade (18/03/2018)</p> <p>Festival Quantum Music Festival, Fútbol: Quantum Cup and Quantum Games</p>	Totalmente acadado
Estabilizar a oferta de máster	<ul style="list-style-type: none"> - Actualizar a oferta para facela atractiva - Reforzando as especialidades - Incluindo itinerarios tecnolóxicos 	17/18	<p>ACSUG: Declaracións de intencións</p> <p>Informes de seguimento do Master 2017/18</p> <p>IN02M-PC-05</p> <p>IN03M-PC-05</p> <p>IN04M-PC-05</p> <p>IN46M-S01-PM+INF.13</p> <p>IN47M-S01-PM-01+INF.14</p>	Parcialmente acadado
Mellorar a coordinación	<ul style="list-style-type: none"> - Fortalecendo os mecanismos de coordinación - Recoñecendo o esforzo do profesorado en labores docentes, de innovación, coordinación, etc.... 		<p>IN46G-S01-PM+INF.13</p> <p>IN47G-S01-PM-01+INF.14</p> <p>IN48G-PM-02</p> <p>IN35G-S01-PM-01</p> <p>IN36G-S01-PM-01</p> <p>IN40G-S01-PM-01</p> <p>IN41G-S01-PM-01</p>	Totalmente acadado
LIÑA ESTRATÉXICA 2: INVESTIGACIÓN				
Apoiar a creación de Centros Singulares	<ul style="list-style-type: none"> - Promover as colaboracións entre grupos - Impulsar as estruturas existentes: AEFIS, IGFAE, L2A2, Laboratorio de Radiofísica 	17/18	<p>Concesión da María de Maeztu para o IGFAE</p> <p>Solicitud nova Agrupación Estratéxica de Materias</p>	Parcialmente acadado
Apoiar aos grupos de investigación	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizando espazos - Aproveitando e 	17/18	<p>IN47G-S01-PM-01+INF.14</p> <p>IN47M-S01-PM-01+INF.14</p>	Parcialmente acadado

	incorporando infraestructura.		IN49C-PS-01	
Afianzar a presenza no contexto internacional	<ul style="list-style-type: none"> - Consolidando as colaboracións existentes con centros, institucións e organización. - Participando nos programas de intercambio internacional. 	17/18	Estancias de investigadores en laboratorios e universidades internacionais: 15	Totalmente acadado
Rexuvenecer a plantilla	<ul style="list-style-type: none"> - Creando as condicións para atraer a persoal novo e cualificado - Aproveitando os programas competitivos de captación de recursos humanos 	17/18	Incorporación de persoal a través de programas Ramón y Cajal: 1	Parcialmente acadado
Soster os estudos de doutoramento	<ul style="list-style-type: none"> - Mantendo e aumentando os doutoramentos de excelencia 	17/18	Número de tesis defendidas:11 Cum Laude:11 Mención Internacional: 7	Totalmente acadado
Difundir a actividade investigadora dentro e fora da facultade	<ul style="list-style-type: none"> - Organizar sesións informativas para alumnado e PDI - Colaborar con outras facultades e centros singulares da USC - Difundir a actividade investigadora. 	17/18	<p>Nº de xornadas divulgativas da investigación nas aulas: 3</p> <p>Nº de charlas en IES: 27 Memoria do programa A Ponte 2017/18 Nº de charlas en Temáticas en IES: 23 Nº de MasterClass: 1 Nº de Campus Científico: 1 Nº de Xornadas de Portas Abertas: 1 Nº de Encontros do ensino medio: 1 Talleres orientados a Ed Primaria: 6</p>	Parcialmente acadado
LIÑA ESTRATÉXICA 3: PROXECCIÓN EXTERNA E RELACIÓN COA SOCIEDADE				
Dar a coñecer a actividade da Facultade de Física á sociedade	<ul style="list-style-type: none"> - Presenza nos medios de comunicación - Organizando actividades culturais - Participando en actividades educativas e de divulgación científica - Organizando xornadas de portas abertas 	17/18	<p>Participación en NerdNite</p> <p>Participación en el programa ConCiencia</p> <p>Participación en charlas educativas en IES recollidas na memoria da ponte co ensino medio 17/18</p> <p>Presenza continua nos medios de comunicación recollidos na páxina web da USC http://www.usc.es/gl/centros/fisica</p>	Totalmente acadado
Impulsar a relación coa	<ul style="list-style-type: none"> - Mantendo contactos con asociación profesionais de 	17/18	Colaboración co colexio de Físicos para a organización de xornadas	Totalmente acadado

comunidade de físicos	<p>físicos.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Participando en sociedades de física - Fomentar o contacto co antigo alumnado e mantendo bases de datos actualizadas dos/das egresados/as 		<p>facultade-empresa</p> <p>Participación na Real Sociedade de Física. Colaboración co colexio oficial de Físicos.</p> <p>Establecer convenios con empresas nas que traballan os/as antigos/as alumnos/as</p>	
Incrementar a presenza en internet e redes sociais	Número de seguidores en redes sociais	17/18	Nº de seguidores en twitter: 804	Totalmente acadado
LIÑA ESTRATÉXICA 4: ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E INFRAESTRUCTURAS				
Renovar o regulamento de réxime interno da facultade	<ul style="list-style-type: none"> - Adaptándoo aos Estatutos da USC e SGIC - Simplificando e optimizando a estrutura de comisións 	17/18	Inicio da redacción do novo regulamento de réxime interno	Iniciando o proceso
Adaptarse á nova normativa de departamentos	- Moderar o debate da restructuración e a organización do centro en dous departamentos	17/18	Reestructuración do centro de 3 departamentos en 2	Totalmente acadado
Aumentar o grao de satisfacción do PDI e PAS co seu entorno laboral	<ul style="list-style-type: none"> - Satisfacción do PAS co seu traballo - Satisfacción do PDI coas actividades formativas - Satisfacción do PAS coas actividades formativas 	17/18	IN49C-PS-01 In29-PS-01 In28-PS-01+INF.10	Parcialmente acadado
Aumentar a participación do alumnado	<ul style="list-style-type: none"> - Fomentar a participación nas enquisas de calidade - Fomentar a participación nas eleccións de representantes en órganos da facultade e USC - Creando a Delegación de Alumnos da Facultade de Física para canalizar a representación do alumnado da Facultade e na USC 	17/18	Creación da Delegación de Alumnos da Facultade de Física. Asociación de alumnos. IN48G-PM-02	Totalmente acadado
Xestionar de xeito eficaz as infraestructuras	<ul style="list-style-type: none"> - Modernizar os materiais e equipos de laboratorio - Coordinando a súa adquisición e mantementos (Creación dunha comisión de laboratorios) 	17/18	Adquisición de materiais para a mellora da actividade docente, acondicionamento de laboratorios e de aulas, de oficinas e despachos. Obras realizadas: Climatización de	Parcialmente acadado

	<ul style="list-style-type: none"> - Impulsando as obras de reforma e mantemento dos edificios - Procurar financiación para a mellora e modernización do equipamento docente nas aulas e laboratorios. 		aula e acondicionamento de aseos	
Impulsar as TIC	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorar as relacións coa área TIC da USC - Incorporando persoal técnico en informática - Mellorando os recursos a disposición do alumnado - Realizando cursos de formación para alumnos e traballadores 	17/18	<p>Disposición dun local de alumado</p> <p>Ofertaronse cursos de editores de texto latex (22/02/2018), software libre, biblioteca (19/09/2018).</p>	

2.3 Indicadores de resultados e análise das titulacións.

O Grao en Física e os dobres graos en Física e Química (FQ) e en Matemáticas e Física (MF) seguen a ser moi demandados polo alumnado. A nota media de acceso (IN06G-PC-05) para acceder ao Grao en Física continúa aumentando e pasou de 9,98 no 2014/15, a 10,98 no 2015/2016, 11,45 no 2016/17 e 12,14 no 2017/18, incremento que está correlacionado coa alta demanda da titulación. Unha tendencia similar obsérvase no dobre grao con Física e Química onde os indicadores mostran un aumento do ano 2015/2016 ao 2016/2017 e unha lixeira baixada no 2017/2018.

Dobre Grao Física e Química: 2015/2016 11,90	2016/2017 12,75	2017/2018 12,36
Máster en Física :2015/2016 6,00	2016/2017 7.48	2017/2018 7.14

A nota de corte, segundo datos proporcionados polo CIUGA, aumentou case un punto no curso 2017/18 (10,78) con respecto ao ano anterior 2016/17 (9,872).

A impartición dos dobres graos en *Física e Química* e *Matemáticas e Física* esixe esforzos adicionais, en particular, no tocante á coordinación entre centros (horarios de clases, calendario de exames). Os indicadores de resultados, como se comenta no informe de Seguimento do Grao en Física, son moi satisfactorios. Na seguinte Táboa poden verse as taxas de avaliación (IN36G-S01-PM-01), éxito (IN35G-S01-PM-01), rendemento (IN34G-S01-PM-01), abandono (IN40G-S01-PM-01) do dobre grao en Física-Química e do Grao en Física (nestas non computan os alumnos das dobres titulacións).

Titulación	Taxa de avaliación	Taxa de éxito	Taxa de rendemento	Taxa de abandono ¹
Física e Química				
2015/2016	92.22	84.34	77.78	--
2016/2017	95.58	90.75	86.74	--
2017/2018	95.17	87.15	82.94	12.50
Grao en Física²				
2015/2016	83.58	73.17	61.16	18.75
2016/2017	83.65	81.88	68.49	11.21
2017/2018	84.40	83.69	70.63	11.83

¹ Taxa de abandono durante o primeiro ano académico.

² Faise notar que nos indicadores do Grao os alumnos do dobre Grao non se teñen en conta, afectando os indicadores obtidos.

E importante destacar a baixada da taxa de abandono durante o curso 2017/2018. Unha análise mais detallada dos indicadores de resultados pode consultarse nos informes de seguimento que se achegan xunto con esta memoria. No que respecta ao master os datos están dispoñibles no seguinte enlace: <http://www.usc.es/es/servizos/calidade/titulosoficiais/datosmasteres.html>.

2. 4 Información relativa á satisfacción dos grupos de interese, queixas ou reclamacións así como das súas necesidades e expectativas.

Neste apartado revisaremos os indicadores de satisfacción dos distintos grupos de interese. Estes indicadores son fundamentais para garantir unha contínua mellora dos plans formativos ofertados pola Facultade de Física. A continuación, presentamos unha análise detallada dalgúns indicadores identificados como clave para a docencia tanto por parte do estudiantado como do profesorado e de indicadores clave para a incorporación laboral.

Por último preséntanse, os indicadores de satisfacción do persoal administrativo e de servizos e as queixas ou reclamacións recibidas durante o ano 2017/2018.

É importante destacar que, malia os esforzos levados a cabo polo equipo decanal, para incentivar a participación dos distintos grupos de interese nas enquisas de satisfacción a porcentaxe de participación é mellorable (no caso da enquisa de satisfacción coa docencia recibida e impartida o estudiantado (IN48G-PM-02, IN46G-S01-PM-01) participou nun 38.39% e o profesorado (IN47G-S01-PM-10) nun 27.59%). O equipo decanal fomenta activamente, a través do envío de mensaxes electrónicas recordatorias durante os prazos abertos, a cooperación dos diversos sectores da Facultade nas enquisas de satisfacción.

2.4.1 Índices de satisfacción do estudantado coa docencia recibida

A participación do alumnado nas enquisas de satisfacción subiu lixeiramente con respecto ao curso 2016/2017 e pasou de 36.00 % a 38.39 %.

A valoración media da satisfacción do alumnado coa docencia sitúase este curso 2017/2018 en 3.84 (INF-13). O alumnado valora positivamente o cumprimento das programacións das materias e avaliacións, así como as axudas obtidas nas titorías ou a resolución de dúbidas por parte do profesorado. O favorecemento para desenvolver a aprendizaxe autónoma ou motivar a participación nas aulas acadan unha valoración inferior.

No Master de Física a participación do estudantado nas enquisas foi de 43.48% (IN48G-PM-02, valor lixeiramente inferior ao que se obtivo en anos anteriores (66,67 en 2015/2016 e de 69,23 en 2016/2017). A media da satisfacción coa docencia impartida no master é de 3.75, observándose un patrón de valoracións moi semellante ao que obtivemos no Grao en Física.

2.4.2 Índices de satisfacción do profesorado coa docencia impartida

A participación do profesorado nas enquisas de satisfacción limitouse este curso a un 27,59%.

A media obtida no Grao en Física é de 4.05 (ING47G-S01-PM-01), os elementos mellor valorados son a coordinación entre o profesorado e a relación co alumnado. As actividades formativas son, en xeral, moi apreciadas polo profesorado que sitúa o nivel de satisfacción (IN28-PS-01) en 4.39 puntos sobre 5.

No Master de Física, a participación do profesorado nas enquisas de satisfacción segue baixando, situándose no curso 2017/2018 nun 25%. A valoración media da docencia impartida neste curso 2017/2018 foi bastante alta de 4,23/5.

2.4.3 Índices de satisfacción dos egresados

O índice de satisfacción dos egresados coa titulación obtido no curso 2017/2018 é de 3,46 e amosa patróns mois similares aos obtidos nos últimos anos, onde se observa unha mellor puntuación da formación teórica (4,00) que da práctica (3,11). As competencias relacionadas coa aprendizaxe autónoma e o pensamento crítico son as masi valoradas quedando as capacidades de transmisión oral e de traballo en equipo peor valoradas, incluso por debaixo da media da titulación. En xeral, a mobilidade é moi valorada polos egresados situándose a media do título en 4,5 por enriba da medida da USC a 4,14. É importante destacar o baixo nivel de participación que no curso 2017/2018 acadou valores de 18,37%. O programa de mobilidade e prácticas externas están moi ben valorados (4,50) en ámbolos dous casos, e sempre por enriba da media da USC 4,14 e 3,90 respectivamente.

No que respecta ao Master en Física, o número de cuestionarios cubertos en 2017/2018 foi moi pequeno, (só dous estudantes responderon ao cuestionario), polo que as conclusións que se poidan deducir do índice de satisfacción dos egresados do Master en Física situado en 2017/2019 en 2,39 son pouco significativas. En xeral obsérvase unha valoración negativa da formación teórica e práctica do título moi inferior á valoración media obtida na USC. Estes datos contrastan cos datos obtidos en anos anteriores, onde a valoración teórica sempre obtiña bos resultados. A Comisión de Avaliación do Master (CAM) está a tomar as medidas

correspondentes para facer este Master mais atractivo e aumentar, deste xeito, o seu nivel de competitividade.

2.4.4 Índices de satisfacción do persoal de administración e servizos

O colectivo do persoal de administración e servizos valora nun 3,50 sobre 5 as súas actividades no centro. En particular, os aspectos mellor valorados por este colectivo son o coñecemento dos servizos que prestan outras unidades administrativas, a comunicación entre o persoal da unidade e os usuarios así como os aspectos relacionados cos recursos e espazos disponibles para desenvolver as funcións.

2.4.5 Outros índices de satisfacción

Outros índices de satisfacción a considerar son o índice de satisfacción do alumnado coas prácticas externas e coa mobilidade. En xeral, ambos índices son moi altos no noso centro o que revela unha gran satisfacción co programa de prácticas externas e de mobilidade.

2.4.5.1 Prácticas externas

O índice de satisfacción por parte do alumnado coas prácticas externas no Grao en Física é de 4,41, o que denota unha implantación moi positiva do modelo de prácticas externas. No que respecta ao profesorado, os índices de satisfacción dos titores externos e os responsables académicos son de 4,17 (IN20G-PC-09) e 4,8 respectivamente, situándose en case tódolos elementos a valorar por enriba da media da USC. No Master en Física o grao de satisfacción é de 4/5. É importante destacar que a porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións aumentou considerablemente. O valor acadado no curso 2017/2018 é de 33,33 a comparar con valores sempre inferiores a 24 % en cursos anteriores. Este indicador amosa a consolidación da oferta de prácticas externas na Facultade de Física.

2.4.5.2 Mobilidade

O índice de satisfacción coa mobilidade entrante é de 4 puntos sobre 5. No que respecta a mobilidade saínte, iste curso 2017/2018 acadouse unha valoración media de 2,40, bastante inferior ao que viñamos observando en anos anteriores. É importante destacar que os datos obtidos non son significativos xa que a enquisa foi cuberta só por un alumno/a cando en promedio participan no programa de mobilidade un total de 15-17 alumnos/as.

2.4.6 Reclamacións e queixas

No curso 2017/2018 presentáronse dous recursos na Oficina de Análise e Reclamacións (OAR): un no Grao en Física relacionado coas convocatorias esgotadas e outro no Master en Física que facía referencia ao impago de prezos públicos. Ambos recursos foron desestimados. Neste ano non se presentaron queixas nin suxerencias.

3. Plan de Melloras do Centro

3.1 Accións de mellora derivadas da revisión e seguimento do SGIC no curso 2017-2018

O plan de melloras da Facultade de Física para o curso 2017-2018 está formado polas accións de mellora dos diferentes títulos dos que o centro é responsable e que aparecen recollidas nos informes de seguimento

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	GF-1 17-18
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 3: Sistema de Garantía de Calidade
	Definición	Análise causa	Non se dispón de datos sobre a inserción laboral dos egresados de grao e mestrado.
		Definición/descripción proposta	Deseñar e realizar enquisas sobre os egresados nos últimos anos para coñecer a súa situación laboral, e valorar os resultados dos títulos
		Data prevista de finalización	30/06/2019
		Data inicio	01/09/2017
Responsables	Responsable da implantación	Decana	
Finalización	Estado	Activa	
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		
Tarefa 1	Código	GF-1.1 17-18	
	Descrición tarefa	Deseñar as enquisas sobre os egresados nos últimos anos para coñecer a súa situación laboral.	
	Data prevista de finalización	30/06/2018	
	Persoa responsable	Decana	

Tarefa 2	Código	GF-1.2 17-18
	Descrición tarefa	Realizar as enquisas sobre os egresados nos últimos anos para coñecer a súa situación laboral
	Data prevista de finalización	30/06/2019
	Persoa responsable	Decana

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	GF-2-17-18
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
	Definición	Análise causa	Coa implantación dos dobres graos é preciso desenvolver medidas de coordinación entre os centros responsables.
		Definición/descripción proposta	Medidas de coordinación dos dobres graos nas correspondentes facultades
		Data prevista de finalización	01/09/2018
		Data inicio	01/09/2017
Responsables	Responsable da implantación	Decana	
Finalización	Estado	Activa	
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	GF-3 17-18
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
	Definición	Análise causa	Manter porcentaxes de taxa de abandono no Grao en Física
		Definición/descrición proposta	Reforzar o plan titorial incrementando o papel dos alumnos titores, e potenciando actividades como cursos e conferencias
		Data prevista de finalización	01/09/2018
		Data inicio	01/09/2017
Responsables	Responsable da implantación	Decana	
Finalización	Estado	Activa	
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	GF-4 17-18	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
		Definición	Análise causa	Detectouse unha escasa representación do estudantado
			Definición/descrición proposta	Reforzar o papel da delegación de estudantado para que sirva como guía de comunicación con todo o alumnado co obxectivo de: Reforzar o plan titorial do centro para mellorar os indicadores do SGIC, incentivar a participación do alumnado na planificación dos distintos procedementos e incentivar a participación do estudantado na realización das enquisas
			Data prevista de finalización	29/09/2018
			Data inicio	01/09/2017
Responsables	Responsable da implantación	Decana		
Finalización	Estado	Activa		
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			
Tarefa 1	Código	GF-4 .1- 17-18		
	Descrición tarefa	Constitución definitiva da delegación		
	Data prevista de finalización	30/06/2019		
	Persoa responsable	Decana		
Tarefa 2	Código	GF-4 .2- 17-18		
	Descrición tarefa	Aprobación do regulamento na Xunta de Facultade		
	Data prevista de finalización	30/06/2019		
	Persoa responsable	Decana		

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	GF-5- 17-18
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterios: Recursos materiais
	Definición	Análise causa	Falta e deterioración dos recursos materiais
		Definición/descripción proposta	Dotar os laboratorios con equipos e mobiliario
		Data prevista de finalización	30/06/2018
		Data inicio	01/09/2017
	Responsables	Responsable da implantación	Decana
Finalización	Estado	Activa	
	Data estado	30/06/2018	
	Comprobación		
	Data comprobación		

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	GF-6 17-18
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterios: Recursos materiais
	Definición	Análise causa	Melloras no edificio por deterioración
		Definición/descripción proposta	Obras no edificio
		Data prevista de finalización	29/09/2018
		Data inicio	01/09/2017
Responsables	Responsable da implantación	Decana	
Finalización	Estado	Activa	
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		
Tarefa 1	Código	GF-6.1 17-18	
	Descrición tarefa	Pintar o bloque central e as pasarelas dos bloques I e II	
	Data prevista de finalización	30/06/2018	
	Persoa responsable	Decana	
Tarefa 2	Código	GF-6.2 17-18	
	Descrición tarefa	Acondicionamento novo local de alumnos	
	Data prevista de finalización	30/06/2018	
	Persoa responsable	Decana	
Tarefa 3	Código	GF-6.3 17-18	
	Descrición tarefa	Reparación tarimas de aulas	
	Data prevista de finalización	30/06/2018	
	Persoa responsable	Decana	

Tarefa 4	Código	GF-6.4 17-18
	Descrición tarefa	Pintar despachos
	Data prevista de finalización	30/06/2018
	Persoa responsable	Decana
Tarefa 5	Código	GF-6.5 17-18
	Descrición tarefa	Acondicionamento e mellora do cadro eléctrico do edificio principal
	Data prevista de finalización	30/06/2018
	Persoa responsable	Decana
Tarefa 6	Código	GF-6.6 17-18
	Descrición tarefa	Substitución da instalación eléctrica do Bloque III
	Data prevista de finalización	30/06/2018
	Persoa responsable	Decana
Tarefa 7	Código	GF-6.7 17-18
	Descrición tarefa	Acondicionamento laboratorio de estado sólido
	Data prevista de finalización	30/06/2018
	Persoa responsable	Decana

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	GF-7 17-18
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
	Definición	Análise causa	Unificar criterios no regulamento TFG e TFM
		Definición/descrición proposta	Realizar un regulamento conxunto de TFG/TFM
		Data prevista de finalización	29/09/2018
		Data inicio	01/09/2017
Responsables	Responsable da implantación	Decana	
Finalización	Estado	Activa	
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	GF-8 17-18
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
	Definición	Análise causa	Como resultado do proceso de seguimento e renovación da acreditación do título
		Definición/descripción proposta	Actualización da memoria do grao
		Data prevista de finalización	29/09/2018
		Data inicio	01/09/2017
Responsables	Responsable da implantación	Decana	
Finalización	Estado	Activa	
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		
Tarefa 1	Código	GF-8.1 17-18	
	Descrición tarefa	Redactar a declaración de intencións no que se detallan e motivan todos os cambios que se propoñen	
	Data prevista de finalización	30/06/2018	
	Persoa responsable	Decana	
Tarefa 2	Código	GF-8.2 17-18	
	Descrición tarefa	Realizar o proceso de modificación para o que se solicitou autorización	
	Data prevista de finalización	30/06/2018	
	Persoa responsable	Decana	

ACCIÓNS DE MELLORA			
	Acción de mellora	Código	AM-01 17-18
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento Criterio 6- Resultados de aprendizaxe
		Definición	Análise causa
Definición/descrición proposta	<p>Revisión da oferta docente do Máster en Física para garantir especialización e grandes oportunidades de inserción laboral separadamente das que ofrece a carreira académica.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A Comisión de Avaliadores constata que se debe analizar a baixa demanda do título. No autoinforme de renovación da acreditación suscitáronse distintas accións neste sentido que implicarán unha nova modificación/verificación do máster. A modificación/verificación do máster débese realizar polo procedemento establecido na lexislación vixente. - Débese reflexionar sobre o mantemento de catro especialidades para un máster con tan baixa demanda. - Constatáronse problemas no perfil de ingreso, en particular, con estudantes de ERASMUS. Débese prestar especial atención aos criterios de acceso e admisión do título, así como á normativa de transferencia e recoñecemento de créditos. Alternativamente, contemplar complementos formativos, para o cal debería modificarse a memoria polos mecanismos oficialmente establecidos <p>Se recomenda revisar e clarificar a regulación das Prácticas Externas (curriculares/extracurriculares), considerando a posibilidade de incluílas dentro do plan de estudos polos procedementos establecidos na lexislación vixente. No caso de incluír as Prácticas Externas dentro da optatividade do plan de estudos, débese potenciar o número de empresas que participan neste programa.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Observáronse algunhas discrepancias entre guías docentes e páxina web. Débense corrixir ditas discrepancias ou actualizar a 		

Definición

Definición

		memoria de verificación do título polo procedemento establecido na lexislación vixente.
	Data prevista de finalización	31/12/2019
	Data inicio	01/01/2017
Responsables	Responsable da implantación	Coordinación do Máster Comisión Académica do Máster
Finalización	Estado	Activa
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	
Tarefa 1	Código	AM-01.1 17-18
	Descrición tarefa	Ofertar Practicas Externas en empresa ou outros organismos: consolidación da oferta existente e firma de novos convenios
	Data prevista de finalización	31/12/2018
	Persoa responsable	Coordinador de Practicas Externas
Tarefa 2	Código	AM-01.2 17-18
	Descrición tarefa	Incorporación de materias con contidos en fotónica
	Data prevista de finalización	31/12/2017
	Persoa responsable	Coordinación do Máster Comisión Académica do Máster
Tarefa 3	Código	AM-01.3 17-18
	Descrición tarefa	Incorporación, se procede, dun itinerario tecnolóxico
	Data prevista de finalización	30/06/2019
	Persoa responsable	Coordinación do Máster Comisión Académica do Máster
Tarefa 4	Código	AM-01.4 17-18
	Descrición tarefa	Asignar 15 ECTS ao TFM
	Data prevista de finalización	30/06/2019

	Persoa responsable	Coordinador do Máster
Tarefa 5	Código	AM-01.5 17-18
	Descrición tarefa	Aprobación do regulamento de TFM na Xunta de Facultade
	Data prevista de finalización	Xuño 2020
	Persoa responsable	Coordinación do Máster Comisión Académica do Máster
Tarefa 6	Código	AM-01.6 17-18
	Descrición tarefa	Revisión do cadro de competencias das materias ofertadas
	Data prevista de finalización	30/06/2019
	Persoa responsable	Coordinador do Máster

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-02 17-18
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento Criterio 2 – Información e transparencia
		Análise causa	A proposta responde ás recomendacións da Comisión de Acreditación
	Definición	Definición/descripción/proposta	<p>Consolidar mecanismos de coordinación.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Débense revisar aspectos organizativos e propoñer accións de mellora encamiñadas á adecuada organización dos horarios e a planificación dos exames - Recoméndase potenciar a docencia en inglés. - Observáronse algunhas discrepancias entre guías docentes e páxina web. Débense corrixir as ditas discrepancias ou actualizar a memoria de verificación do título polo procedemento establecido na lexislación vixente - Recoméndase incluír o apartado de resultados de aprendizaxe nas guías docentes do título. - Débese dispoñer dunha rúbrica de avaliación máis detallada para os Traballos Fin de Máster, de maneira que permita homoxeneizar avaliacións realizadas por diferentes tribunais, así como dispoñer de ferramentas para diferenciar obxectivamente entre o grao de adquisición das competencias do título por parte dos estudantes. - Débese realizar unha análise continua sobre a adquisición das competencias e a consecución dos resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes nas diferentes materias. En particular, recoméndase incidir sobre aqueles aspectos que teñen unha baixa valoración por parte dos egresados, como son a capacidade para aplicar coñecementos adquiridos e resolver problemas, e a capacidade para o traballo en equipo entre outros - Deben analizarse as causas do grao de satisfacción relativamente baixo dos estudantes e egresados en relación coa formación recibida e a súa formación práctica, a fin de abordar accións de mellora respecto diso.
		Data prevista de finalización	31/12/2018
		Data inicio	01/01/2017
	Responsables	Responsable da implantación	Coordinación do Máster Comisión Académica do Máster
Finalización	Estado	Activa	

	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	
Tarefa 1	Código	AM-02.1 17-18
	Descrición tarefa	Creación da delegación de alumnos
	Data prevista de finalización	31/12/2018
	Persoa responsable	Coordinador/a do Máster
Tarefa 2	Código	AM-02.2 17-18
	Descrición tarefa	Revisión das programacións docentes
	Data prevista de finalización	30/06/2019
	Persoa responsable	Coordinación do Máster Comisión Académica do Máster
Tarefa 3	Código	AM-02.3 17-18
	Descrición tarefa	Revisión da organización do máster (organización dos horarios, limitación de posibilidades de elección de optativas, etc)
	Data prevista de finalización	30/06/2018
	Persoa responsable	Coordinación do Máster Comisión Académica do Máster
Tarefa 4	Código	AM-02.4 17-18
	Descrición tarefa	Revisión da normativa do TFM
	Data prevista de finalización	03/10/2017
	Persoa responsable	Coordinador do Máster
Tarefa 5	Código	AM-02.5 17-18
	Descrición tarefa	Promover actividades docentes en inglés
	Data prevista de finalización	Xuño 2020
	Persoa responsable	Coordinación do Máster Comisión Académica do Máster

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-03 17-18
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
		Análise causa	Malia os esforzos realizados para a captación de alumnado, a matrícula do Máster non chegou, excepto o primeiro ano de impartición, ao número mínimo de alumnos esixidos.
		Definición/descripción/proposta	<p>Publicidade e difusión da oferta de máster.</p> <p>A comisión avaliadora sinala que se debe procurar unha maior visualización do máster a nivel interno e externo á USC. Recoméndase manter actualizada a información do título nas súas tres versións (galego, castelán e inglés). É especialmente importante indicar con claridade as liñas de investigación ás que un estudante do máster podería incorporarse.</p> <p>A información sobre saídas profesionais debería ter unha maior visualización</p>
		Data prevista de finalización	31/12/2018
Data inicio	01/01/2017		
Responsables	Responsable da implantación	Coordinación do Máster Comisión Académica do Máster	
Finalización	Estado	Activa	
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		
Tarefa 1	Código	AM-03.1 17-18	
	Descrición tarefa	Sesións informativas para alumnado propio explicando a especialización e as oportunidades de inserción laboral	
	Data prevista de finalización	31/12/2018	
	Persoa responsable	Coordinador/a do Máster	
Tarefa 2	Código	AM-03.2 17-18	
	Descrición tarefa	Deseño de estratexias de captación de alumnado externo	


	Data prevista de finalización	31/12/2018
	Persoa responsable	Coordinación do Máster Comisión Académica do Máster
Tarefa 3	Código	AM-03.3 17-18
	Descrición tarefa	Incorporar na páxina web liñas de investigación do profesorado do máster
	Data prevista de finalización	30/12/2018
	Persoa responsable	Coordinación do Máster Comisión Académica do Máster
Tarefa 4	Código	AM-03.4 17-18
	Descrición tarefa	Incorporar na páxina web información sobre saídas profesionais e publicar datos de inserción laboral, si se dispon deles
	Data prevista de finalización	30/12/2018
	Persoa responsable	Coordinador do Máster
Tarefa 5	Código	AM-03.5 17-18
	Descrición tarefa	Manter actualizada a páxina web en galego, castelán e inglés
	Data prevista de finalización	30/12/2018
	Persoa responsable	Coordinación do Máster

3.2 Acciões de mellora de anos anteriores en proceso de execución

Non hai accións de mellora en proceso de execución de anos anteriores.

3.3 Acciões de mellora executadas ao 100% no curso 2017-2018

A día de hoxe a única acción de mellora que non está executada ao 100% e a AM1.

 <p>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</p> <p>FACULTADE DE FÍSICA</p>	MEMORIA DE CALIDADE 2017/2018	
		Páxina 30 de 31

4. Anexo: Informes de seguimento

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/fisica/descargas/calidade/2501102_Informe_Seguimento-Grao-en-Fisica2017-2018.pdf

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/fisica/descargas/calidade/2501102_Informe_Seguimento-Master-de-Fisica_2017-2018.pdf